


# **ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS EN SANTIAGO. DATOS ATA AGOSTO DO 2017**


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS TOTAIS EN SANTIAGO ACUMULADAS ATA O MES DE AGOSTO



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Totais	756.383	699.868	762.664	775.942	814.775	930.669	766.203	714.672	752.320	780.037	869.010	908.822	955.365

O ano 2017 é o ano da serie histórica do INE con maior número de pernoctacións acumuladas ata o mes de agosto, superando incluso ao Ano Santo 2010. Estes datos son posibles grazas á recuperación que comezou no 2012 e que se acelerou a partires do 2015. Entre o 2014 e o 2017 a cidade gañou 175.328 pernoctacións só nos primeiros oito meses do ano, cun crecemento acumulado do 22,5%.


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS INTERNACIONAIS EN SANTIAGO ACUMULADAS ATA O MES DE AGOSTO



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Internacionais	230.755	228.735	265.014	256.353	241.731	269.751	256.468	276.588	303.421	317.896	401.517	421.964	470.570

A crecemento turístico dos últimos anos apóiase no forte desenvolvemento da demanda internacional na cidade, conseguíndose cifras que a comezos da década, cando o sector sufríu unha importante crise tras o Ano Santo 2010, parecían moi lonxanas e case imposibles de conseguir. Este crecemento comezou lixeiramente no ano 2012 pero colleu gran pulo a partires do 2015, nun fenómeno que ten unha relación directa co incremento da conectividade internacional no aeroporto de Santiago neste periodo. O crecemento acumulado ata o mes de agosto entre 2014 e 2017 foi do 48%.


## EVOLUCIÓN DAS Pernoctacións Domésticas en Santiago Acumuladas ata o mes de agosto



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Domesticas	525.628	471.133	497.650	519.589	573.044	660.918	509.735	438.084	448.899	462.141	467.493	486.858	484.795

O mercado doméstico sufríu un gran retroceso na cidade nos anos 2011 e 2012, resentindo dun xeito moi importante a crise económica española, que nos anos previos conseguira superar grazas ao tirón do Ano Santo 2010. Dende eses anos houbo unha lixeira recuperación, pero aínda se está lonxe das cifras previas ao Ano Santo 2010.


## PREVISIÓN DE PERNOCTACIONES TOTAIS NO 2017



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Totais	1.119.340	1.021.930	1.153.533	1.121.502	1.182.900	1.430.183	1.142.475	1.064.961	1.100.509	1.179.880	1.289.209	1.373.491	1.430.000

A falta do último cuatrimestre, pode estimarse que o ano rematará no entorno do 1.430.000 pernoctacións totais. Con esta cifra rondarase os datos do Ano Santo 2010, que marco o máximo histórico de pernoctacións na cidade. Como amosa o gráfico, a recuperación é evidente dende o ano 2012, no que se tocou fondo polo impacto da crise económica na cidade. Dende entón a cidade gañou máis de 350.000 pernoctacións ao ano, cun crecemento acumulado próximo ao 35%.


## PREVISIÓN DE PERNOCTACIONES INTERNACIONAIS NO 2017



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Internacionais	338.577	326.944	388.054	362.568	351.875	406.877	376.429	417.245	444.584	492.891	600.266	652.885	710.000

A previsión para final de ano é que o turismo internacional sume, por primeira vez, máis de 700.000 pernoctacións na cidade. O crecemento é constante dende o ano 2011. Este ano rematará con máis do dobre de pernoctacións de turistas internacionais das que tiña a cidade antes do Ano Santo 2010. Este crecemento está transformando a estrutura da demanda turística da cidade, na que o turismo internacional representa xa practicamente o 50% da demanda total.


## PREVISIÓN DE PERNOCTACIONES DOMÉSTICAS NO 2017



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Domésticas	780.763	694.986	765.479	758.934	831.025	1.023.306	766.046	647.716	655.925	686.989	688.943	720.606	720.000

A previsión para o final de ano é que se ronde a mesma cifra de pernoctacións domésticas que o ano pasado. É bastante probable que a recuperación do turismo doméstico sexa maior a medida que se achegue o próximo Ano Santo 2021, seguindo a pauta dos anos previos ao Ano Santo 2010.

## EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DA DEMANDA



Antes do Ano Santo 2010 a estrutura da demanda do sector turístico de Santiago tiña unha dependencia excesiva do turismo doméstico. Isto traducíuse en que o sector vivise un par de anos moi complexos tras o Ano Santo pola crise económica española, que afectou ao mercado que aportaba practicamente sete de cada dez pernoctacións na cidade. Sen embargo, dende o 2012 o peso do turismo internacional crece dun xeito constante, encamiñando a cidade cara un modelo moito máis sostible en tanto que xa non depende dun modo exclusivo dun só mercado.



## PERNOCTACIÓNS POR TEMPORADAS

Para facer unha análise máis detallada dos datos de pernoctacións ao longo do ano, pode dividirse a temporada completa en tres periodos dun cuatrimestre cada un, que se corresponderían coas temporadas baixa, temporada media e temporada alta. Estes tres periodos serían:

Temporada baixa: novembro – febreiro.

Temporada media: marzo – xuño.

Temporada alta: xullo – outubro.

Esta correspondencia é aproximativa, pero necesaria para facer unha análise comparativa e poder ver como está evolucionando a demanda ao longo do ano.

En calquera caso, a temporada baixo correspóndese co período que vai de novembro a febreiro. A temporada media pode variar en función das datas nas que se celebra a Semana Santa. E a temporada alta pode situarse dende a segunda quincena de xullo ata a primeira quincena de outubro, aínda que neste caso tamén varía en función de se na segunda quincena de outubro e/ou novembro teñen lugar na cidade eventos de gran dimensión que xeran un número moi relevante de pernoctacións.


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCATACIÓNS TOTAIS EN TEMPORADA BAIXA



	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09	2009/10	2010/11	2011/2012	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17
— Totais	285.495	266.139	319.170	304.528	306.599	353.032	274.097	263.984	251.214	278.055	289.378	326.622

A temporada baixa deste ano, que foi de novembro do 2016 a febreiro do 2017, foi a segunda mellor da serie, só tras a temporada baixa que uniu o último par de meses do Ano Santo 2010 e o primeiro par de meses do 2011. Precisamente tras o Ano Santo comezou un mal periodo na cidade, que tivo o impacto máis forte precisamente na temporada baixa, que se contraeu ata a do comezo do 2014, cando se rexistraron os peores datos da serie histórica. Denden entón comezou unha importante recuperación que permitiu que se crecera un 30% neste periodo, camiñando cara a desestacionalización da demanda.


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS INTERNACIONAIS NA TEMPORADA BAIXA



	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09	2009/10	2010/11	2011/2012	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17
— Totais	77.127	74.414	88.530	72.760	70.914	79.922	70.105	79.083	86.497	107.599	117.556	140.640

O crecemento que se está dando na cidade durante a temporada baixa apóiase no importante crecemento do turismo internacional na cidade entre novembro e febreiro. Antes do 2011/2012 as cifras de turismo internacional na cidade eran moi baixas. Sen embargo, a partires do ano 2013 comezou a aumentar a súa presenza nestes meses dun xeito constante que fixo que entre a temporada baixa do 2012 e a do 2017 houbo un crecemento do 100%. É dicir, en apenas cinco anos a cidade conseguiu multiplicar por dous o número de pernoctacións de turistas internacionais na cidade en temporada baixa.


## EVOLUCIÓN DAS Pernoctacións DOMÉSTICAS EN TEMPORADA BAIXA



	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09	2009/10	2010/11	2011/2012	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17
— Totais	208.368	191.725	230.640	231.768	235.685	273.110	203.992	184.901	164.717	170.456	171.822	185.982

As pernoctacións en temporada baixa sufriron unha caída moi importante unha vez finalizado o efecto do Ano Santo 2010. No 2014 tocouse fondo cun mínimo de 164.717, lonxe das cifras previas ao Ano Santo 2010, cando se superaban normalmente as 200.000 pernoctacións. Nos últimos anos estáse recuperando lentamente este mercado. A consolidación da temporada baixa na cidade pasa por continuar crescendo no turismo internacional neste periodo e seguir recuperando ao turismo doméstico.


## EVOLUCIÓN DAS Pernoctacións totais en temporada media



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Totais	378.398	345.835	379.046	399.939	387.673	473.971	380.304	371.050	382.037	386.264	440.791	449.040	498.092

A temporada media deste ano 2017, de marzo a xuño, foi a mellor da serie histórica do INE, por riba incluso do Ano Santo 2010. No ano 2015 comezou un crecemento moi importante neste periodo, permitindo que apenas tres anos se gañasen máis de 100.000 pernoctacións.


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS INTERNACIONAIS EN TEMPORADA MEDIA



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Internacionais	128.338	119.858	146.489	144.143	130.448	138.083	137.435	160.313	178.324	178.548	223.762	245.428	271.628

Do mesmo xeito que na temporada baixa, o turismo internacional tamén está crecendo dun modo moi importante nos meses de temporada media. Entre o ano 2011 e o ano 2017 creceu a presenza de turistas internacionais creceu tamén preto dun 100% entre os meses de marzo e xuño. Creceu tanto que nos últimos anos, na temporada media a cidade suma máis pernoctacións de turistas internacionais que domésticos.


## EVOLUCIÓN DAS PERNOCTACIÓNS DOMÉSTICAS EN TEMPORADA MEDIA



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
— Domésticas	250.060	225.977	232.557	255.796	257.225	335.888	242.869	210.737	203.713	207.716	217.029	203.612	226.464

A evolución das pernoctacións domésticas en temporada media parece estancada dende o ano 2012. Dende o ano 2015 o turismo internacional supera ao doméstico durante estes meses na cidade. Isto foi posible en boa medida á ampliación da conectividade internacional no aeroporto de Santiago que se produxo nos últimos anos.

## EVOLUCIÓN DAS Pernoctacións Totais na Temporada Alta



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
— Totais	481.615	451.708	523.059	468.694	534.369	649.736	538.347	487.249	518.742	590.370	642.293	701.525

No 2016 superáronse por primeira vez as 700.000 pernoctacións de xullo a outubro na cidade. Houbo un crecemento moi importante dende as cifras de 2012, ano no que a crise económica tivo o seu maior impacto. A previsión para este ano, a falta dos datos de setembro e outubro, é que de novo se superen as 700.000 pernoctacións nestes meses, cunha consolidación desta cifra. Cando se publiquen os datos restantes poderá facerse unha análise máis precisa, desagregando tamén por orixe das pernoctacións.